



a ctividades

a)



** Fai unha interpretación subxectiva dunha imaxe real. Analiza as diferencias.*

Cando remates o traballo fíxate ben nas cousas que te chamaron máis a atención. Seguramente trataste de representar o efecto da luz máis que outra cousa ou algunha parte estará máis definida que as demais. Intenta determinar que diferencias hai entre o que ti debuxaches e a imaxe fotográfica.

40



** Non se trata de que esté ben ou mal representado, o traballo consiste en averiguar que diferencias hai en canto á forma subxectiva que ti debuxas e a forma obxectiva da imaxe. Nas dúas imaxes superiores é evidente o cambio, segundo a parte que máis nos chama a atención.*



MATERIAIS

- * Unha imaxe fotográfica
- * Lapis ou ceras
- * Cartulina branca
- * Caderno de anotacións

b)


*** Interpreta unha imaxe real con liñas ou puntos atendendo ó tipo de formas que aparezan nela.**

Este exercicio é diferente dos outros. Non serve empregar calquera grafismo para representar as formas. Emprega liñas, puntos ou manchas, segundo o tipo de elemento que aparece na fotografía. Atende a cuestións como a dirección, o agrupamento, os cruces entre liñas, as superficies, etc. Fíxate ademais en tratar de expresar a mesma sensación visual que a imaxe produce.



*** Cando fagas este exercicio dedícalle tempo a facer algunhos apuntamentos rápidos sobre papel para experimentar cos elementos gráficos. Non é necesario representar exactamente cada cousa. Non se trata de debuxar as formas idénticas a como son, senón de analizar como se agrupan os elementos que as definen e comprender como discorren as liñas pola superficie variando en grosor e cambiando de dirección.**

Debuxa o resultado sobre unha cartulina e escribe as conclusións no caderno de anotacións.



MATERIAIS

- * Ilustracións de revistas
- * Tesoiras ou coitela
- * Pegamento en barra
- * Unha cartulina branca para dividir en dúas
- * Lapis carbón ou tinta